

N. Expediente: 553/2026 (Exp. Relacionado 212/2026)
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos
Documento: Providencia de inicio
Asunto: CONTRATACIÓN PERSOAL RURAL ACTIVO_2026 (TR351G 2026/4-5)

PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Vista a Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 22 de abril de 2026, ao abeiro da *Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 24 do 5 de febreiro de 2026)*, para a contratación de 1 persoa desempregada para a realización do proxecto “REVALORIZACIÓN FORESTAL”,

DISPOÑO:

1. Incócese expediente para a contratación de 1 persoa desempregada, para un posto de peón forestal, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato de traballo.
2. O contrato a formalizar será a xornada completa, por un período de 9 meses, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (Modelo 405), para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, co obxecto de proporcionarlle a experiencia e práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.
3. Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como as preferencias reflexadas na propia convocatoria, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaria prevista na Lei.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

